



# XORNAL POLA IGUALDADE

Elaborado por alumnos e alumnas de Ensino Secundario de Galicia participantes na campaña Iguais no 2015



**Iguais no 2015:**

pola equidade de xénero no mundo

*Nacer home ou muller é*

*unha cuestión do azar*

*Nacer nun país*

*ou outro tamén.*

*pero construír a igualdade no mundo  
non é un xogo: é unha obrigaón*



**María José Caride Delgado**  
Coordinadora da  
campanha Iguais no 2015,  
pola equidade de xénero  
no mundo

Solidaridade Galega e Solidariedade Internacional de Galicia somos dúas ONGDs que levamos tempo traballando na educación para o desenvolvemento. Creemos que a educación, é o instrumento máis factible para conseguir un cambio de actitudes tanto nos nen@s, n@s xóvenes, coma na poboación en xeral, e así facer do noso mundo un proxecto solidario. Tamén é a fórmula para repensar neses valores que hoxe en día móven as nosas vidas e a nosa sociedade.

Con Iguais no 2015, pola equidade de xénero no mundo, traballamos este tema a partir das actitudes e valores d@s xóvenes galegos, tema que esta moi lonxe e a vez moi preto, e co cal están moi sensibilizados. Este periódico é un claro exemplo dos seus pensamentos e inquedanzas. Invítovos a percorrer estas oito páxinas, mostra da reflexión e participación activa necesaria, se queremos conseguir unha sociedade máis igualitaria.



**Enrique Rodríguez Álvarez**  
Presidente de  
Solidaridade Galega

Dende Solidaridade Galega, consideramos importante todas as actividades que contribúan a igualdade de xénero no mundo e apoiamos todas as iniciativas que promovan este obxectivo así como conseguir un mundo máis xusto e solidario para eliminar as desigualdades sociais.

## LAS MUJERES EN LA PUBLICIDAD



En el siglo XXI aun se sigue notando la discriminación en muchos aspectos de la vida. Uno de ellos es en la publicidad. Por ejemplo, los anuncios de cereales que ponen a chicas delgadas anunciando que estos productos adelgazan promoviendo así la anorexia. Otro aspecto son los anuncios de juguetes, porque nunca verás, o casi nunca a una niña patrocinando unos coches o a un niño con una muñeca. Con estos ejemplos queremos decir que si la publicidad no cambia seguirá habiendo discriminación, por que aún que no queramos la televisión afecta bastante a la sociedad.

**Esther Silvade Videlar, Lucía Villar Caamaño, Alba Rodríguez Hermo, Lidia Hermo Vilas, Rocio Vázquez Martínez.**  
IES CAMPO DE SAN ALBERTO (Noia)

Analizando a situación démonos conta de que estamos falando de igualar distintas partes do mundo cando na nosa sociedade non somos capaces de tratarnos como iguais. Estamos a experimentar grandes cambios na nosa época: as tecnoloxías avanza día a día, conseguíuse chegar a lúa... Pero só hai un tema no que non somos capaces de cambiar, a diferenza entre homes e mulleres. As diferenzas parece que fan a menos, as mulleres xa teñen dereito a votar, teñen máis liberdade... Pero volvémonos a estancar. Por qué homes e mulleres teñen distintos salarios traballando no mesmo e as mesmas horas? Por qué ao chegar a casa quen ten que seguir traballando é a muller? Estas son dúas preguntas de centos que temos na cabeza, non só nós senón todos. Deberíamos pensar en solucionar estas preguntas, non buscándolle resposta senón eliminándoas. Porque se as eliminamos quere dicir que as diferenzas desapareceron, ou polo menos é o que a nós nos parece.

**Paula Río Fernández, Natalia Vázquez Fraga, Patricia Vilanova Pereira**  
IES ISIDRO PARGA PONDAL, 4º ESO  
(Carballo)

**Andrea Fernández Alejandro**  
CPR Nuestra Señora de los Dolores  
(Pontevedra) 4º ESO

A verdade é que non sabía que había tanta desigualdade entre o home e a muller. Non me entra na cabeza que en pleno século XXI, os homes cobren máis cas mulleres traballando menos. Vivimos nun mundo machista, aspecto que debemos de cambiar. Temos que concienciar á sociedade de que o home e a muller teñen os mesmos dereitos. Comprendo que as persoas maiores non o entendan, porque son doutras xeracións e porque creceron noutro período da historia cuns ideais nada xustos, pero o que non entendo é que haxa xente da miña idade que pensen que as mulleres so están para facer as labores da casa e servir o xantar ao marido cando veña de traballar.

A loita pola igualdade non é unha loita fácil. Facer que tanto os homes coma as mulleres teñan os mesmos dereitos é cambiar o curso da historia. Non podemos pensar que isto se pode facer dun día para outro. Para ver os resultados haberá que esperar uns cantos anos, por iso paréceme estupenda a campaña "Iguais no 2015", pero para iso, temos que poñernos mans á obra desde xa.

¿Qué que es lo que yo pienso acerca de la igualdad de género, la igualdad social y todo eso? Pues pienso que las mujeres no deberíamos hacer lo que hicimos hasta ahora, porque los hombres hoy en día gobiernan el mundo. No quiero decir que lo hagan mal, simplemente que todos deberíamos tener los mismo derechos y oportunidades, tanto hombres como mujeres, sacando el tema de las oportunidades, también digo que una inmensa parte de la población del mundo se muere cada día de hambre o de alguna enfermedad que no pueden evitar, porque no tienen los medios suficientes. Gente que sobrevive con un euro y medio al día, que no sabe leer ni escribir, niños que tienen que trabajar, tremendas desigualdades en nuestro planeta, que nosotros "intentamos" erradicar, pero esta visto y comprobado que solo con hablar no vale y menos a ellos.

Muchos dirán de los que están leyendo esto: ¿Y para que escribe esto, si total nadie importante se parara a leerlo? Yo le contesto. Simple y llanamente lo escribo porque con solo una cosa, un pedacito que ponga alguien de su parte, estará ayudando a alguien.

**Sara Felipe Estévez.**  
CPR Nuestra Señora de los Dolores 4º ESO  
(Pontevedra)

## A VOZ DO FUTURO



ATRAS: izq-drch: Angel, Pablo, Miguel, Roi  
DELANTE: Andrés, Jacobo, Rodrigo, Elia y Claudia

Paréceme que as mulleres terían que gañar a mesma cantidade de cartos que os homes posto que todos somos iguais, sexamos mulleres, sexamos homes. **Roi Hernández**  
Tería que mellorarse posto que haxa moita desigualdade de xénero xa que os homes maltratan moito as mulleres. **Andrés Sánchez**  
As mulleres teñen un soldo inxustamente, inferior o dos homes, traballando o mesmo o incluso máis. As xeracións futuras terán que concienciarse en canto a este tema. Non entendo por que, pero a desigualdade esta afectando a nosa sociedade posto que dende os mesmos principios do ser humano, xa existía a desigualdade. Eu espero que no futuro "espabilemos" "nos poñamos as pilas" e fagamos algo para evitar estas inxustizas que

## LOITA POLA IGUALDADE

**1792** Mary Wollstonecraft publica Defensa dos Dereitos da Muller, onde discute o caso da igualdade da muller.

**1848** O Parlamento Inglés debate o tema do voto feminino por primeira vez, como resposta a unha solicitude firmada por miles de mulleres.

**1869** As mulleres do territorio fronteirizo de Wyoming, en América, son as primeiras en conseguir o voto e formar parte dun xurado.

**1893** As mulleres de Nova Zelandia conseguen o voto.

**1902** As mulleres de Atralia obteñen o voto, seguidas dos países europeos, Finlandia e Noruega, en 1906 y 1907.

Dende 1897, cando se establecen a Unión Nacional de Mulleres de Gran Bretaña extremen a súa campaña para conseguir o voto para a muller.

**1913** Como parte da campaña sufraxista, Emily Davidson arroxouse baixo o cabalo do rei o Día del Derby.

**1917** A Revolución Rusa concedeu o voto a muller rusa.

**1918** En Gran Bretaña a representación do Pobo conseguiu o voto para todos os homes maiores de 21 anos e a todas as mulleres maiores de 30.

O fin da Primeira Guerra Mundial, en 1918 ve chegar o voto para a muller en Austria, Canada, Checoslovaquia, Alemania, Países Baixos e Polonia.

**1919** Nancy Astor converteuse na primeira muller membro do parlamento de Gran Bretaña que ocupa un escáneo na cámara dos Comúns.

**1920** O sufraxio feminino forma parte da constitución americana.

**1928** As mulleres de Gran Bretaña se lles concede o voto en igualdade de condicións que os homes.

**1929** Margaret Bondfield converteuse na primeira muller británica secretaria de ministro.

**1936** En Francia tres mulleres son propostas para gobernantas oito anos antes de que a muller francesa consiga o voto en 1944.

**1945** O final da 2ª Guerra Mundial, contempla a introdución do sufraxio da muller en Albania, Hungría, Italia, Xapón e Iugoslavia. A consecución do voto non conleva o resultado inmediato de outras reformas sociais e legais que fixeron esperar anteriores campañas. En Francia, por exemplo, o principio da igualdade de salario obtívose en **1946**, pero non é ata 1982 cando entra en funcionamento a necesaria lei goberamental contra a discriminación de sexo no traballo, salario e carreira.

**1968** A organización Nacional da Muller fundada por Betty Friedland nos EE.UU proporcionou empeto necesario para rexurdir do movemento feminista e unha nova reorganización das leis sobre os dereitos da muller.

**1970** Acta de Igualdade de salario que di debe pagarse a muller o mesmo salario que o home polo mesmo, ou similar traballo, non se implantou en gran Bretaña plenamente ata 1975.

**1984** Liechtenstein é o último país de Europa en conceder a muller o dereito a voto.

**Miriam Blanco Queijeiro, Sonia Corral Vázquez**  
IES ALFONSO X O SABIO (Cambre)

sempre abundan en todas as oficinas, casas, mercados, rusa... **Miguel Fuentes**

Se debería cobrar o mesmo. As mulleres e homes somos iguais nos dereitos e nas obrigas. **Angel Ramos**

Opino que si as mulleres traballan tanto ou máis que os homes no mesmo emprego, deberían cobrar polo seu traballo, no polo seu sexo. Aínda que antigamente pensárase que as mulleres eran menos intelixentes que os homes, na actualidade demostrouse que non é así. **Claudia Graña**


Non me parece xusto que as mulleres cobren menos facendo os mesmos traballos e tendo os mesmos riscos laborais. **Jacobo Tapia**

É unha inxustiza para as mulleres que facendo o mesmo traballo cos homes reciben menos salarios cos homes. **Rodrigo Rodríguez**

Opino que as mulleres deben cobrar o mesmo cos homes, posto que traballan o mesmo e polo feito de ser muller cobran menos. As mulleres son moi pouco valoradas en todos os campos e iso e moi inxusto e levan moito tempo do mesmo xeito. **Elia Sineiro**

É unha inxustiza que as mulleres cobren menos diñeiro cos homes. Deberían facer algunha lei para controlar este tema. **Pablo Martín**

**RECOLLIDO por: Miguel Fuentes Jácome.**  
IES EUSEBIO DA GUARDA, 3º ESO. (A Coruña)



Alba Díaz Docoba,  
Noelia Barrera Ron  
1º BAC A, IES DIONISIO  
GAMALLO FIERROS  
(Ribadeo)

## LA MUJER EN EL DEPORTE

Noemí Álvarez y Montse González, 2º D, IES XUNQUEIRA I (Pontevedra)

Las mujeres, relegadas a un papel secundario, han recorrido un largo camino en la historia de los Juegos Olímpicos. Ausentes en los Juegos Olímpicos de Atenas en 1896, en los de Atenas 2004 representan el 40% de los atletas.

De las primeras concesiones que se les hicieron en los Juegos de París de 1900, para participar en golf y en tenis, y cuatro años más tarde en tiro al arco, el programa para las mujeres en los Juegos Olímpicos ha logrado un considerable avance. Hoy, la práctica femenina no conoce límites y el comité Olímpico Internacional (COI) ha decretado que todo nuevo deporte tiene que incluir una prueba femenina, para tener la posibilidad de ser incorporado al programa olímpico.

Pero el camino no ha sido fácil ya que el francés Pierre Coubertin, el creador de los Juegos Olímpicos modernos, creía firmemente que el papel de las mujeres se limitaban a

coronar a los vencedores y se opuso hasta su muerte a su participación.

Pero su compatriota, Alice Milliat, no compartía su visión y decidió crear en 1921 la Federación Internacional Deportiva Femenina (FIDF) para poner fin a esa discriminación. La FIDF organizó unos Juegos Mundiales Femeninos en Goteborg y París, con lo cual el Comité Olímpico Internacional terminó por capitular.

Fue en Ámsterdam, en 1928, donde finalmente tuvieron lugar los verdaderos comienzos Olímpicos de las mujeres con cerca de 300 deportistas y el crecimiento comenzó en 1976 con 20% en Los Juegos, un 25% en 1988 y un 35% en Atlanta.

En Sydney la progresión continuaría y en Atenas, las mujeres representaron el 40%.

## O PAPEL DA MULLER

O papel da muller como todos sabemos non esta valorado. Quero aclarar que a miña opinión non vai ser feminista, xa que a min persoalmente os termos feminidade e machismo non me gustan e non os vexo ben, xa que para min os extremos nunca son bos. O termo que me gusta e que considero mellor para tod@ é IGUALDADE. Esta palabra se a buscadeis no diccionario aparece, pero na vida real non existe.

Nunha casa na que haxa unha familia a cal teña un fillo e unha filla, a educación que se lles vai a dar, ten que ser igual, non facer distincións porque sexan de distinto sexo. Se ti educas a túa filla como a responsable de facer todo na casa e o teu fillo coma o rei da casa, o que non fai nada, estás sendo machista, e non poder ser así!

Eu vexo ben que un matrimonio con fill@ no que o home traballe fóra da casa e a muller non, que seña ela quen faga as cousas da casa, pero el cando chega pode coidar os ne@ mentres ela fai a comida ou o revés.

Hai xente que cre que facer as labores dunha casa e coidar os nen@s que iso non é traballar, e logo que é? pois a xente que pense iso, que lle cambie o traballo a súa nai ou muller, e que experimenten se é traballar ou non. Eu non estou dicindo que o traballo que teña o home non sexa duro, soamente digo que hai que ser empático, porque ás veces é a única maneira de comprender as cousas.

Pero cando traballan os dous fora da casa, ten que ser a muller a que faga todo?. Pois non. Porque que eu saiba as mulleres non temos a obrigación de facer as cousas da casa e coidar os fillos só por ser mulleres. Porque os fill@ non os facemos solas, verdade?.

E cando vamos a crecendo e aprendendo cousas, e cumprino amos, gústanos que se nos vexa como adult@s, non coma nen@s. Pois ben, se queremos ser adulto, temelo que ser para todo, non só para o que nos convén. Xa que cando temos unha certa idade, podemos contribuír nas labores da casa, ir adquirindo responsabilidades, madurez... esas cousas que ten o facerse adulto. Nos presumimos de ser adultos porque temos, 17,18,19 anos, pero as nosas conductas non o reflexa.

É moi bonito e cómo que che dan todo feito, pero eu creo que estamos nesta vida para aprender e evolucionar como persoas que somos. Eu as nais vexoas como o mellor, como esas persoas que merecen todo o teu amor e respecto. Creo que é o noso deber axudar os nosos pais en todo o que pidamos, porque... Escoitáchedes queixarse os vosos pais de que teñen que traballar?, o mellor si, pero seguen traballando e sacrificándose por darnos todo o que poden e máis, e nos se nos mandan pasar a aspiradora, facela comida... queixámonos, e iso é inxusto e de nenos pequenos. Se queres que te traten coma un adulto, compórtate como tal.


Gustaríame que cando se faga unha distinción entre unha persoa e outra, non sexa porque é de distinto sexo e raza. As persoas diferenciémonos pola nosa forma de pensar. Ser empático e humilde, baixo o meu punto de vista é esencial para andar pola vida adiante.

*Loitade porque exista a igualdade ,tod@ saímos gañando.*

Yolanda López Garrabatos,  
2º C BAC. IES MELIDE

Higgins' Epitaph / Jack Higgins

Einstein: "Pero aún no entiendo a las mujeres"



## DESIGUALDADES DE XÉNERO

Cando falamos entre amigos sobre a igualdade entre mulleres e homes, dinme que porqué seguir loitando, que xa existe unha igualdade entre os dous sexos nesta sociedade, que xa temos os mesmos dereitos, as mesmas responsabilidades, xa vamos a univ ersidade, traballamos...¿que máis queremos?

Non obstante, a pesar de que as mulleres conseguimos moitos avances, non é suficiente e esa suposta igualdade, non existe. Así por exemplo, cando desempeñamos as mesmas tarefas, os nosos soldos son menores; os traballos que realizamos están menos valorados socialmente que os dos homes; as leis non nos amparan nin axudan, e ademais non se nos valora coma persoas, coma cidadanas de primeira categoría coma os homes, que poden escoller máis libremente o seu camiño, se non que clasificásenos e encuádrasen dentro duns papeis moi determinados. Divídesenos en categorías nas que se nos oprime e impide realizarnos coma persoas libres cos seus dereitos e responsabilidades, coas súas opinións e a súa capacidade de decidir.

Así pois, de forma agresiva e insistente, ás mulleres clasificannos dentro duns parámetros determinados dos cales non podemos saír: temos que ser boas amas de casa, excelentes nais e esposas e claro está, guapas, delgadas e con unhas boas medidas. Non hay máis que ver a publicidade que nos bombardea diariamente en calquer medio de comunicación e

reforza esta clasificación. O tipo de publicidade que aparece en estos medios é eminentemente sexista.

A muller é utilizada como **obxeto sexual**; en estos casos empleanse mulleres despampanantes, con grandes curvas, acompañadas de certas indumentarias que marcan ben dita anatomía. Esta figura emplease para anunciar numerosos artigos e incluso, facer chistes vulgares. En estos casos as mulleres somos utilizadas como **obxetos groseiros**, é dicir, como puros obxetos sexuais dos que os homes poden dispoñer cando lles apeteza.

¿Cales son as consecuencias deste tipo de publicidade para nos? Numerosos conflitos persoais, como baixa autoestima, complexo, non gustarse a sí mesma, etc... por non poder chegar a unhas medidas desexadas por unha sociedade machista e como consecuencia non poder chegar a ser desexada polo sexo masculino. Esto xunto con ser sometida a unha continua avaliación das nosas medidas, sin ter en conta as nosas variables de personalidade ou a nosa valía persoal.

Estela Chao Prieto, Sheila Chao Prieto, Ana López García, Saray Iglesias Santos  
2 I.E.S. GUITIRIZ  
4º A E.S.O.



Dibujo **Jorge Álvarez**  
IES DIONISIO GAMALLO FERRO. (Ribadeo)

## NO LLORES

No llores,  
no tienes la culpa,  
no llores,  
tu hijos se asusta.  
El dice,  
Que no lo volverá a hacer,  
Yo digo,  
Que no parará de crecer.  
Pues el  
Te tiene mucho cariño,  
Pero solo lo demuestra acercándote su puño.  
Por miedo tu te callas,  
Pero ten valor  
Y ponle agallas,  
Véncelo.  
Una vez vencido  
Ya no habrá motivo,  
Para seguir soportando este infierno  
En el que estás viviendo  
Desde que el cambió.

**ROBERTO MACÍAS .**  
3º I.E.S. VALDOTEA. (Ponteareas)

## NON SINTO DOR

Non sinto dor... só traizón  
Non sinto odio... só incomprensión  
Non me sinto maltratada  
Senón falta de amor...  
Golpes fortes, insultos varios  
Esgachan o meu corazón  
Aínda así, eu amo  
E aguantarei outra humillación  
Xa son moitas as bágoas  
Que esvan polo meu rostro  
E son moitas as fería  
Tatuadas no meu corpo  
Levántome cada día  
Chea de forza para loitar  
Mais non podo, teño medo  
De que me queira esnaquizar  
Qué triste día a día  
É o que me toca vivir  
Poís son muller maltratada  
Sen forzas para seguir  
  
Ríndome, non podo máis  
¿Onde está o meu final?  
Non o sei, mais non me importa  
Asumo a miña derrota  
E éste é o meu final...

**Leire Parapar Álvarez, Marta Castrillón Freire, Rubén García Freije, Daviz Piñeiroa Lorenzo, David Franco Méndez.**  
1º BAC. A I.E.S. DIONISIO GAMALLO FERRO. (Ribadeo)

## DIFERENCIAS DE GÉNERO EN EL MUNDO LABORAL

**Alba Castro Armada.**  
IES AS MERCEDES, 4º A ESO (Lugo)

Milagros era una mujer que tenía 26 años, vivía en Madrid en un piso que compartía con dos amigas, había estudiado la carrera de arquitectura en la universidad complutense y había sacado una nota alta.

Después de terminar la carrera, mandó su currículum a varias empresas constructoras e inmobiliarias. Unos días después de enviarlos le contestaron dos constructoras y una inmobiliaria y le decían que le concedían una entrevista.

La entrevista era a las once pero Milagros estaba tan nerviosa que estaba media hora antes en la sala de espera. A las 12:30 de camino a casa iba pensando que no le había ido demasiado bien porque el hombre que la había entrevistado no parecía muy interesado en su currículum sino que más bien parecía que estaba deseando librarse de ella, y al cabo de un rato y con cara de aburrimiento, le dijo que ya la llamarían.

Al día siguiente a las 5:00 tenía la segunda entrevista con una inmobiliaria, esta vez salió mucho más contenta y con la seguridad de que le había causado buena impresión porque el jefe comercial que la recibió parecía mucho más interesado que el anterior, y estuvo conversando con ella.

La tercera constructora que le había contestado la había citado al día siguiente a las 12 en sus oficinas del polígono industrial que había a las afueras de la ciudad. Cuando llegó a la sala de espera comprobó con satisfacción que había dos personas esperando también para una entrevista, pero lo que más le gustó fue que también había una mujer, este hecho hizo que pensara que en la empresa no le daban importancia al sexo.

Durante los días siguientes a las entrevistas, Milagros hizo su vida normal y no se preocupó por el trabajo. Pero una mañana al abrir el buzón vio una carta de la inmobiliaria que le recordó que aún seguía en el paro.

En dicha carta le daban las gracias por haber acudido a la entrevista y realzaban sus valores profesionales, pero le comunicaban que sintiéndolo mucho no la podrían contratar por falta de presupuesto. Después de leer la carta, Milagros se sintió frustrada porque había sido en esa inmobiliaria donde había puesto sus esperanzas y ahora no le daban trabajo.

Pensaba que le quedaban pocas posibilidades de trabajar en lo que había estudiado ya que en la primera empresa a la que había acudido desde un principio no tenían ninguna intención de contratarla (Milagros se había enterado que el puesto se lo habían dado a un hombre) y de la última aún no había recibido ninguna noticia.

Ahora sólo le quedaba esperar la llegada de una carta de la tercera empresa pero albergaba pocas esperanzas; al final esa carta llegó, y en ella le rogaban que acudiera a una segunda entrevista, y al final de esta le comunicarían si la contrataban. Este hecho le pareció raro pero se dijo que siempre era buena señal que la volvieran a llamar.

Cuando acudió a la cita comprobó que sus contrincantes también estaban allí. A la hora señalada acudieron los tres directores de la vez anterior, y les avisaron que debido a que no se habían puesto de acuerdo para decidir a quien contrataban les habían citado de nuevo para enseñarles las instalaciones y el equipo técnico del que disponía la empresa; después harían una prueba con el equipo para comprobar si estaban familiarizados con él y al final les dirían los nombres de los dos nuevos trabajadores de la empresa.

Después de ver las instalaciones les mostraron el equipo técnico con el que trabajaban, y Milagros comprobó con satisfacción que era el mismo equipo con el que había trabajado en el último año de carrera. Cuando se volvió a mirar a sus oponentes vio que sólo otro chico parecía saber utilizarlo. Uno de los directores les pidió a los dos que les explicaran brevemente a sus compañeros en qué consistía el equipo.

Cuando por fin acabó la "excursión" por las oficinas y el reconocimiento del equipo, les invitaron a que se sentaran mientras ellos deliberaban quienes iban a ser los dos nuevos componentes de la empresa.

Media hora después los directores volvían a estar con ellos para conocer a los nuevos miembros de la empresa, pero antes de dar a conocer los nombres de dichas personas les informaron de que los seleccionados empezarán a trabajar el próximo lunes con un contrato indefinido.

Sin más dilaciones dijeron que el primer contratado era Jorge González Castro, y ella comprobó que se trataba del otro chico que sabía manejar el equipo, después dijeron que el segundo contratado, en este caso contratada era Milagros Fernández

## MULLERES IMPORTANTES NA HISTORIA

Ó longo da historia houbo mulleres importantes recoñecidas polo seu talento, ou dotes... Pero tamén houbo mulleres recoñecidas pola súa beleza como é o caso de Nefertiti ou Helena de Troya e moitas mais. Que a pesares de haber ocupado un lugar importante na historia son recoñecidas unicamente pola súa beleza.

A historia vai avanzando e cada vez hai máis mulleres recoñecidas polo seu talento e non polo seu aspecto físico.

Aquí están algunhas das mulleres máis importantes da historia do mundo:



**JUANA DE ARCO (1412-1431)**  
Chamada a doncela de Orleáns, heroína nacional e santa patroa da Francia. Uniu á nación nun momento crítico e deu un xiro decisivo á guerra dos Cen Anos, a favor de Francia.



**CLARA ZETKIN (1857-1933)**  
Intentou convencer ás mulleres para que esixesen reformas e loitou pola revolución, como única vía para unha definitiva liberación feminina en relación coa liberación de todo o xénero humano.



**MARIE CURIE (1867-1934)**  
Foi a primeira muller que gañou un premio Nóbel, e a primeira persoa que o gañou dúas veces. Curie acuñou o término radiactividad para as emisións do uranio detectadas nos seus primeiros experimentos. Máis tarde xunto o seu marido, descubriu os elementos polonio e radio. O brillante traballo de Curie na radiactividad acabou costandolle a vida; morreu por exposición excesiva a radiactividad.

**Laura Viqueira, Nuria Varela, Laura Reboredo, Alba Sánchez, María Prieto,** 1º E.S.O. I.E.S. EUSEBIO DA GUARDA (A Coruña)

## IGUALDAD DE GÉNERO

Intenta comprender porque sufrir  
Le ha tocado a ella, porque no hay igualdad  
y él no puede decidir

Intenta reír, hablar sin temblar,  
Pero no hay igualdad  
Él es feliz no tiene que fingir

Empieza otro día dispuesta a romper su cobardía,  
Pero no hay igualdad,  
Él se despierta dispuesto  
a hundir su nueva mentalidad

Confía, no huye, quiere dejar  
Atrás su oscura realidad, pero  
No hay igualdad, con fuerza,  
Él le hace ver que no es quién para ascender,  
La empuja sin piedad  
A su antigua realidad

Ahora no está sola,  
Tiene a alguien a su lado,  
Comienza la igualdad,  
Ellas le han dado la esperanza que a la  
fuerza le quitaron

El silencio ha terminado,  
Forma parte de su ayer,  
Comienza la igualdad,  
Puede enfrentarse a esta nueva realidad

No entiende porque se puede callar,  
Comienza la igualdad,  
Se siente arropada por personas que la entienden,  
Que por siempre la querrán

Rompe a reír cada despertar,  
Poco a poco,  
Consiguiendo la ansiada igualdad

Él y ella, ella y él,  
Uno igual que otro,  
Ayer, hoy y mañana.

**Pilar Costado  
Cristina Rodríguez  
Almudena Rodríguez**  
4º ESO IES A XUNQUEIRA I ( Pontevedra)



Con este cartel he querido expresar mi punto de vista sobre el tema de la igualdad entre géneros.

Con el lema "Para poder vivir en igualdad hay que pensar, hablar, ver y sentir en igualdad" quiero decir que para conseguir una sociedad igualitaria, dentro de nosotros mismos está la base para poder lograrlo.

El dibujo es simple, el lema está escrito en forma de ojo, o bien de boca (porque para ver y hablar necesitamos de éstos órganos).

Y el símbolo de igual, uno con cada uno de los símbolos de ambos géneros en rojo, representa el color del corazón, de donde debe surgir afán igualitario.

**Daniel García**  
1º BAC. IES DIONISIO GAMALLO FERRO. (Ribadeo)



**ANUNCIO REALIZADO POR:**  
**FABIAN OTERO  
JAQUIN PINO  
ENRIQUE MARIÑO  
SILVIA OTERO  
BEATRIZ ALONSO  
ADRIAN FERREIRA**

3º ESO IES VAL DO TEA ( Pontearreas)

## A VIOLENCIA DE XÉNERO

Porqué os teus ollos están tristes?  
Porqué solo se cae un chorar  
Porqué os teus ollos están tristes  
Porqué na beira do mar  
Porqué na beira do mar

Porqué cando o vés  
Agachas a mirada?  
Nótase que estás desesperada.

Tes unha chama no teu corazón  
Non deixes que el cha apague  
É el quen debe pedir perdón.

Tes amigos que te queren  
Non te debes deixar vencer,  
Eres digna de querer!!!

A túa vida vale moito  
Tanto coma a desas mulleres  
Que para eles son obxectos non mulleres

Por eso loita  
Levántate e fai o teu camiño  
Por eso veña, levántate  
Non ves que estás morrendo?  
Temos que loitar contra ese duro incendio

Porqué os teus ollos están tristes,  
Porqué solo se oe un chorar  
Porqué os teus ollos están tristes,  
Porqué na beira do mar.

**Beatriz Justo Rodríguez  
Iria Alonso Fernández**  
1º B. IES GARCÍA BARBÓN  
(Verín)

## OS NENOS DO BARRIO VERMELLO

**ANDRÉS SÁNCHEZ,  
IES EUSEBIO DA  
GUARDA  
(A Coruña)**



A película do barrio vermello vai duns nenos que viven nun barrio rodeado de prostitutas, unha muller chamada Zana Briski enséñalles a facer fotos e intenta que os nenos vaxan a unha escola (ou internado), á que non poden ir ningún debido ó oficio das suas nais ao vivir no barrio vermello.

A fotógrafa intenta convencer os seus pais para que os deixen ir o colexio ou algun a un internado. Ao final, o consegue pero en canto a fotógrafa vaise os sacan a todos do colexio. Menos a unha nena que a deixaron quedarse e outra escapouse de casa para ir ó internado.

A min a película pareceume bastante interesante aunque un pouco violenta polos insultos que lle dicían os pais a os sus fillos. A película fai reflexionar sobre a igualdade de xénero, por exemplo as nenas casi sempre estaban limpiando e os nenos nunca axudaban na limpeza ou en facer a comida, lavar os pratos. Tamén se ve nos insultos que lle fan as nenas, os nenos non eran insultados tanto como as nenas. Recomendo ver o documental a verdade es que gustoume moito.

## CRÍTICA "TE DOY MIS OJOS"

**SARA SANGIAO  
FERNÁNDEZ  
SONIA VIZCAÍNO COSTA**  
1º BAC I.E.S. GUITIRIZ



Un claro exemplo del comportamiento de los maltratadores aparece reflejado en el argumento de la película de Iciar Bollain titulada "Te doy mis ojos"

En esta película se trata la forma de actuar de un grupo de maltratadores muy determinado, los maltratadores dependientes. Estos hombres sienten la necesidad de despreciar a sus mujeres e incluso ejercer la violencia física o psicológica sobre ellas debido a que en su vida social (trabajo, amigos, ...) no se sienten realizados e incluso notan cierta marginación en su entorno; por eso si sus mujeres deciden abandonarlos en la mayoría de los casos acaban con la vida de ellas y posteriormente se quitan su propia vida, aunque este no es el caso.

En "Te doy mis ojos" hay escenas que definen muy bien los sentimientos de las mujeres cuando reciben el maltrato, como por ejemplo el miedo que sentía la mujer cuando su marido se alteraba o la escena del balcón en la que ella termina orinándose de miedo. A pesar de lo que la gente piensa es muy difícil lograr que un hombre maltratador se rehabilite, es casi imposible o imposible. Un ejemplo de esto lo vemos en la película donde el protagonista acude a terapias de grupo para controlar su agresividad sin éxito. Otro argumento erróneo es el de afirmar que el paso más difícil a seguir para la mujer es el de marcharse del núcleo familiar, ya que como bien se muestra en la película lo más difícil es mantenerse alejada de la pareja puesto que en la mayoría de los casos, las mujeres siguen enamoradas y se sienten culpables de lo que está sucediendo argumentando que "yo lo provocó".

Una de las escenas más impactantes de la película se produjo cuando el niño presenció los malos tratos. Este tipo de escenas que también se dan en la vida real provocan el traspaso de la agresividad del padre al hijo, que en la mayoría de los casos, estos niños que presencian los malos tratos terminan por maltratar ellos también a sus parejas.

Para finalizar nos gustaría mostrar nuestro apoyo a todas aquellas mujeres que son maltratadas y animarlas a que no sólo abandonen a sus parejas sino que también las denuncien, ya que ellos son los culpables de lo que está sucediendo y no tienen derecho a hacerlo.

## VIEJOS TÓPICOS



Daniel Filgueira Barreira 1/3

## DESIGUALDADES NO MUNDO

Gerty ten catorce anos, está casada cun home maior ca ela - seus país elixiron cando só tiña doce anos. Dende aquela vive en Kisumu, un pobo preto dun río en Kenia. A súa vida cotiá basease no duro traballo ó coidado dos seus fillos e , nos labores do fogar , mentres o seu home traballa fóra. Non ten estudos, ó contrario do seu home que sabe ler e escribir con dificultade. A comida é escasa. As diferenzas de xénero en países subdesenvolvidos presentan un gran contraste entre o home e a muller. A muller sofre maltrato a diario tanto físico como psicolóxico, ademais dunha total dependencia do marido tanto no campo económico coma laboral e ten poucas oportunidades de ter uns estudos.

Andrea vive en Bilbao, España, está cursando 2º da E.S.O. a súa ilusión é ser inxeniera aeronaval e traballar nunha importante multinacional. Se consegue facer realidade o seu soño pode ser que teña moita sorte e non atope obstáculos, pero o máis probable é que se tropee con numerosas dificultades, diferenza de salario con respecto a compañeiros varóns ou numerosos problemas para achegar a postos importantes.

A muller nos países desenvolvidos tamén sofre desigualdades respecto ó home tanto nos salarios como nas oportunidades laborais ao home infrinxe a muller maltrato psicolóxico e físico algunhas veces chegando á morte.

As dúas historias anteriores son ficticias pero desgraciadamente isto sucede cada día no mundo. Temos que loitar por un mundo mellor e sen desigualdades para que entre homes e mulleres teñamos os mesmos dereitos e convivamos en paz.

TAMARA, MIRIAM, ANAÍ, COVADONGA  
CPI AQUILINO IGLESIAS. (Abadín)Daniel Filgueira Barreira  
1º B. IES DIONISIO GAMARRO FERRO. (Ribadeo)TEST  
COÑECEMENTO DO MUNDO

Pablo Martín García

IES EUSEBIO DA GUARDA. (A Coruña)

1. ¿Cal é a porcentaxe que gañan as mulleres e menos cos homes?
  - a. Entre 20% e 30%
  - b. Entre 70% e 85%
  - c. Entre 30% e 50%
2. ¿Cal é a porcentaxe da propiedade das terras que poseen as mulleres?
  - a. 5%
  - b. 1%
  - c. 15%
3. ¿Cal é a porcentaxe das mulleres que sobreviven con menos dun dólar ó día?
  - a. 50%
  - b. 70%
  - c. 60%
4. En Marrocos, ¿cantas nenas traballan como empleadas domésticas?
  - a. 17.000
  - b. 32.000
  - c. 23.000
5. Que porcentaxe de nenas de 7 a 18 anos pobres non foron nunca a escola?
  - a. 18%
  - b. 12%
  - c. 25%
6. Cal é o 3º obxectivo do milenio?
  - a. Erradicar a pobreza extrema e o hambre.
  - b. Reducir a mortalidade infantil.
  - c. Promover a igualdade de xénero e autonomía da muller
7. O nivel de alfabetismo da muller é...
  - a. Menor cos homes
  - b. Maior cos homes
  - c. Igual cos homes
8. Cada obxectivo individual está directamente relacionada con...
  - a. Os dereitos da muller
  - b. A saúde e a educación dos nenos
  - c. Fomentar unha asociación mundial de desenvolvemento.
9. Hoxe no noso mundo, 2/3 dos habitantes alfabetos son...
  - a. Nenos/as
  - b. Mulleres
  - c. Homes
10. En América do Norte a muller ten unha probabilidade de 1 entre 3.700 de morrer no parto e en África?
  - a. 1 entre 40
  - b. 1 entre 16
  - c. 1 entre 25

## ENQUISA "Ó XENERO"

O que observamos analizando as respostas de cada un foi que a responsabilidade das tarefas dunha casa seguen a caer maioritariamente sobre a muller, aínda que o home vaise incorporando a paso lento pero seguro xa que vemos como existe case unha igualdade entre o que fai soamente a muller e o que fan os dous. Sorprende cando vemos que en varias preguntas como; quen limpa a casa?... haxa un 0% dos homes que o fagan soamente e en cambio haxa un 80,49% das mulleres que o fagan.. e preguntámonos; que pasa, que os homes non están preparados para ese traballo? O que non sabemos aínda é porque non existe esa igualdade pola que preguntábase, xa que, en ningunha resposta existía, nin se semellaba sequera a porcentaxe do home co da muller.

Noutras preguntas como; Quen arranja os aparellos tecnolóxicos?... está moi claro que o home ten o control sobre iso xa que, un pouco máis do 90% o fai, e a muller non está capacitada para iso, pero, por qué?... Existen cantidade de preguntas sobre isto e demasiadas por que. Por que existen xoguete para nenos e xoguete para nenas?... non sabemos responder a estas preguntas, pero quizais sexa pola

sociedade machista na que nos criamos, debido a que, xa desde pequenos nos impulsan uns determinados valores, e non só eses valores se non, o que vemos, o que escoitamos, que inflúe sobre cada un de nós dunha maneira diferente. A igualdade que buscamos aínda non se conseguiu, iso é algo que nos quedou moi claro, e a xente é realista; pensa maioritariamente que non hai igualdade cos argumentos como que debería habela xa que estamos no século XXI e non é moi normal o que acontece todavía nos fogares. Pero tamén hai xente que pensa que a hai e que a muller debería agradecer o que o home fai por ela, sen queixarse dos traballos que fai.

En fin, opinións moi diversas sobre unha mesma cousa na que homes e mulleres non creen estar moi de acordo, esperemos que se alcance esta chamada "paridade".

NEREA GÓNZALEZ LÓPEZ  
MIGUEL GARCÍA ANGERIZ  
I.E.S. ISIDRO PARGA (Pondal)

RESPOSTAS TEST: 1C | 2B | 3B | 4C | 5A | 6C | 7A | 8A | 9B | 10B



No ano 2000, na Asamblea de Nacións Unidas, reuníronse 189 Xefes de Estado e de Goberno. A reunión chamouse "O Cumio do Milenio" e alí firmaron a "Declaración do Milenio" na que se deron de prazo ata o ano 2015 para conseguir oito importantes obxectivos:

- 1 Acabar coa pobreza e a fame
- 2 Lograr a educación primaria universal
- 3 Promove-la equidade de xénero e a autonomía das mulleres**
- 4 Reducir a mortalidade infantil
- 5 Mellora-la saúde materna
- 6 Combatir a SIDA e facilitar a planificación familiar
- 7 Coida-lo medioambiente e garantir auga potable
- 8 Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento

### OBXECTIVO 3

Tódalas personas debemos te-los mesmos dereitos e oportunidades, independentemente do sexo onde nacéramos. En calqueira lugar do mundo.

## Ambitos nos que hai desigualdade entre homes e mulleres



### DEREITOS SEXUAIS E REPRODUCTIVOS

os homes e as mulleres teñen dereito a acceder a métodos anticonceptivos seguros e asequibles. España é o país europeo no que mais aumentan os casos de SIDA.

### ACCESO A EDUCACIÓN

a educación é esencial na loita contra a pobreza. Un baixo nivel educativo, tradúcese en ocupacións piores e salarios inferiores. O 75% das persoas analfabetas son mulleres

### TRABALLO REMUNERADO

as mulleres e as rapazas, traballan máis horas e realizan os traballos máis duros, pero ganan menos cos homes. En España 1.378.700 están en paro, o dobre cos homes.

### ACCESO E CONTROL DE RECURSOS

as mulleres teñen menos propiedades que os homes e, en moitos países, a lei lles impide herdar. 1.700 millóns de persoas malviven con 80 céntimos o día, o 70% son mulleres

### VIOLENCIA DE XÉNERO

en tódolos países do mundo hai violencia contra as mulleres polo simple feito de ser muller. En 2005 en España houbo 62 mortes de mulleres en mans das súas parellas ou exparellas.

### PARTICIPACIÓN PÚBLICA E PODER DE DECISIÓN

é fundamental que as mulleres loita por defender os seus intereses e decidir sobre cuestións que afectan as súas vidas. No mundo non hai mais dun 7% de diputadas.

### TRABALLO DOMESTICO

O labor das mulleres no fogar representa a terceira parte da produción económica mundial, a pesar de non ser remunerada. As mulleres destinan 44 horas semanais ao traballo doméstico.

## Dous mil xoves dunha veintena de centros de toda Galicia participaron na campaña "Iguais no 2015":

I.E.S. Dionisio Gamallo de RIBADEO, I.E.S. Xograr Afonso Gomez de SARRIA, I.E.S. de GUITIRIZ, I.E.S. Aquilino Iglesias de ABADIN, I.E.S. As Mercedes de LUGO, I.E.S. de MELIDE, I.E.S. Eusebio da Guarda de A CORUÑA, I.E.S. Campo de San Alberto de NOIA, I.E.S. Parga Pondal de CARBALLO, I.E.S. Pastoriza de ARTEIXO, I.E.S. Evade de VIGO, I.E.S. nº1 de PONTEAREAS, Colexio As Doroteas de PONTEVEDRA, I.E.S. A Xunqueira de PONTEVEDRA, I.E.S. de POIO, C.P.I. de MASIDE, I.E.S. Garcia Barbón de VERÍN, I.E.S. Chamoso Lamas de O CARBALLIÑO e o I.E.S. Blanco Amor de OURENSE.

## PROGRAMAS EN RADIO VOZ

Coa participación de alumnos/as dos Institutos participantes na campaña.

### Radiovoz Bergantiños. 99,8 FM

Xoves 8 de febreiro ás 10 h

### Radiovoz Pontevedra. 93,1 FM

Luns 12 de febreiro ás 10.15 h

### Radiovoz Vigo. 103,8 FM

Xoves 15 de febreiro ás 11 h

## Charlas – Coloquio

### A CORUÑA

Xoves 8 de febreiro. 20 h. Sala de prensa da Fundación Caixa Galicia. R/ Cantón Grande 21- 24

### PONTEVEDRA

Venres 9 de febreiro. 20 h. Café – coloquio no Café Moderno. Centro Sociocultural de Caixa Galicia. Praza de San Jose s/n

### OURENSE

Luns 12 de febreiro. 20.30 h. Obra Social de Caixa Galicia. Rúa do Paseo nº6

### LUGO

Martes 13 de febreiro. 20.30 h. Galería Sargadelos de Lugo. Pza de Sto. Domingo nº4

### RODEIRO

Mércores 14 de febreiro. 21.30 h. Casa da Cultura. Rúa A nº28

### POIO

Xoves 15 de febreiro. 19 h. Videoforum. Casal de Ferreiros. Poio

### VILAGARCIA DE AROUSA

Venres 16 de febreiro. 20 h. Café – coloquio L'atelier del Café. Rúa Juan Carlos I nº22



## SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA

OURENSE. Rúa da Paz nº8 baixo. Tlf 988 222 797

A CORUÑA. Rúa Cordelería nº79 baixo. Tlf 988 222 797

WEB. [www.solidaridadgalicia.org](http://www.solidaridadgalicia.org) . [info@solidaridadgalicia.org](mailto:info@solidaridadgalicia.org)



## SOLIDARIEDADE GALEGA

A CORUÑA. Plazuela de San Roque, nº 1. Tlf 981 22 22 01

COA COLABORACIÓN DE

